



DA01_FAQ: Preguntas frecuentes sobre a aplicación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (en adiante NNTTPP)¹ actualización abril 2022

Neste documento recóllense aquelas consultas máis frecuentes sobre a aplicación das NNTTPP realizadas á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo con motivo da entrada en vigor das mesmas.

O seguinte índice de preguntas conta con marcadores que permiten acceder directamente a cada unha das consultas.

CUESTIÓNS XERAIS E ÁMBITO DE APLICACIÓN.....	3
1. ¿A entrada en vigor das NNTTPP viuse afectada pola suspensión dos prazos administrativos derivados da xestión da Covid-19?.....	3
2. ¿Son aplicables as NNTTPP aos instrumentos de ordenación provisional da Lei 2/2017?.....	3
3. En referencia aos plans aprobados inicialmente para os que a Disposición transitoria primeira das NNTTPP recolle que só lles será de aplicación o disposto no seu título III (Disposicións Comúns), ¿a referencia ao anexo 5 é só para a disposición e formato das firmas dixitais nos documentos, e non para as presentacións indicadas?.....	4
4. Un documento que non acadou a aprobación inicial antes da entrada en vigor das NNTTPP pero que xa iniciara a súa tramitación administrativa (solicitud de informes sectoriais e avaliación ambiental) ¿podería adaptarse ás NNTTPP e aprobarse de xeito inicial sen necesidade de sometelo novamente á avaliación ambiental e solicitar de novo os informes sectoriais?.....	4
5. ¿Como se articula a adaptación ás NNTTPP dunha modificación puntual dun plan xeral non adaptado ás mesmas?.....	4
6. ¿Quen debe cumprimentar o anexo 7 das NNTTPP sobre planeamento en vigor?.....	4
CUESTIÓNS SOBRE PEGADAS DIXITAIS E FIRMAS.....	5
7. ¿Existe algún programa específico para xerar a pegada dixital?.....	5
8. ¿Onde debe figurar a firma do equipo redactor?.....	5
9. ¿Os documentos de planeamento hai que envialos sen visar e asinados polo equipo redactor? ¿Onde está a reserva do espazo para o visado colexial?.....	5
CUESTIÓNS SOBRE FORMATO.....	6
10. ¿Poden empregarse os formatos A0 e A2?.....	6
11. Para a serie de planos de Clasificación do solo a escala 1 : 5 000 ¿podería empregarse o formato A3 no canto do A1 e subdividir cada folla da cartografía oficial en catro follas de menor tamaño?.....	7

¹ O seguinte documento de apoio redáctase ao abeiro da Disposición adicional da Orde da Consellería de medio ambiente, territorio e vivenda, do 10 de outubro de 2019 de aprobación das normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (DOG núm. 224 do 25.11.2019).



12. Os formatos en A4 recollidos no Anexo 5 ¿son para os documentos de texto?.....7

13. ¿O catálogo pódese facer en formato libre?.....8

CUESTIÓNS SOBRE ESTRUCTURA E CODIFICACIÓN DOS INSTRUMENTOS.....8

14. Cando un documento en pdf supera os 30 Mb e hai que dividilo en varios arquivos, ¿como se nomean?8

Identificarase claramente a orde dos arquivos desagregados dentro do conxunto total das partes que conforman o documento completo orixinal e numerarase ou identificarase cada parte a continuación do nome definido nestas NNTTPP para o documento. A numeración ou identificación que se estableza estará separada do nome do arquivo mediante un guión baixo e no caso de empregar numeración seriada do un ao nove, esta estará precedida do número 0 (artigo 10.6 segundo a redacción outorgada pola Orde de 8 de abril pola que se modifican as NNTTPP).....8

No caso de empregar un código este permitirá identificar claramente a orde dos arquivos desagregados....8

15. No tocante a estrutura e codificación dos arquivos do anexo 4 das NNTTPP, ¿pódense engadir novos arquivos á mesma en primeira posición?.....9

16. Cando un arquivo da estrutura do anexo 4 non é necesario pero si o é o seguinte ¿déixase un salto na numeración?.....9

17. ¿Onde se indica nas NNTTPP as características do tipo de liña de contorno, patrón de recheo, cor e grosor da capa referida á Delimitación do instrumento de planeamiento INE_TIP_AAAAMM_F_1DEL?.....10

18. Para un PXOM, en relación co seu solo urbano, as normas técnicas non contemplan aliñacións, fondos edificables ou o tratamento dos medianís. ¿Pódese entender que tanto o modelo de datos como a representación gráfica será definida libremente polo equipo redactor?.....10

19. ¿Onde se indican os parámetros de etiquetado para a delimitación das afeccións, ou os parámetros de simboloxía e etiquetado dos tipos de usos?.....10

20. Nas etiquetas para as dotacións (zonas libres e equipamentos) reguladas no anexo 2 das NNTTPP que poden acadar ata 15 ou 16 caracteres, ¿como se resolve a súa saída no formato inalterable? No caso de existir varios elementos xuntos ¿como se resolve o problema da superposición das etiquetas? E na parte referida ao código ¿ten que ser único para cada elemento ou pode repetirse?.....11

21. No tocante ás etiquetas reguladas no anexo 2 das NNTTPP ¿os separadores entre campos teñen que ser guións ou poderían substituírse por puntos?.....11

22. Para os estudos de detalle ¿as NNTTPP regulan algunha simboloxía específica?.....11

CUESTIÓNS SOBRE A DOCUMENTACIÓN EDITABLE.....12

23. A documentación gráfica en formato editable ¿é posible elaborala e achegala en formato .dxf xeorreferenciado en sistema de referencia ETRS89, fuso 29?.....12



CUESTIÓNS XERAIS E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. ¿A entrada en vigor das NNTTPP viuse afectada pola suspensión dos prazos administrativos derivados da xestión da Covid-19?

A Orde da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de 10 de outubro de 2019 pola que se aprobaron as NNTTPP preveu na súa disposición derradeira un periodo de 6 meses de *vacatio legis*, que é o prazo establecido dende a publicación da norma ata a súa entrada en vigor.

Esta *vacatio legis* non é un prazo de tramitación dun procedemento administrativo polo que non lle resultou de aplicación ao mesmo o previsto na disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo.

En base ao anterior a entrada en vigor das NNTTPP foi o 25.05.2020.

2. ¿Son aplicables as NNTTPP aos instrumentos de ordenación provisional da Lei 2/2017?

A figura dos instrumentos de ordenación provisional está regulada no título IV da Lei 2/2017, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación. O artigo 84.1 da Lei anterior recolle que *“A regulación e mais as medidas establecidas nese título serán de aplicación naqueles supostos en que a declaración de nulidade de todo ou parte dun instrumento de planificación urbanística municipal, ou dun decreto polo que se suspenda a vixencia da planificación urbanística municipal por unha sentenza firme, supoña que recobre a súa vixencia un instrumento de planificación anterior que, segundo o que se establece nesta lei, non responda á realidade urbanística existente no termo municipal, xurdida ao amparo do instrumento anulado”*.

Por tanto este tipo de medidas provisionais permiten que nos ámbitos seleccionados a ordenación provisional que se aprobe sexa coincidente coa prevista para ese ámbito no instrumento de ordenación anulado (art. 90 da Lei 2/2017).

Cabería entender que si o instrumento anulado que serve de base para o instrumento de ordenación provisional non estaba adaptado ás NNTTPP, a nova tramitación tampouco debería estarlo pois a simboloxía e a estrutura do documento en tramitación non van coincidir co regulado nas mesmas (por exemplo: existencia de solos urbanizables delimitados e non delimitados ou núcleos rurais con áreas de expansión).

O artigo 90.Un da Lei 2/2017 di que non será necesaria a adaptación dos instrumentos de ordenación provisional á Lei 2/2016, e será de aplicación en todo caso esta, de acordo co disposto nas súas disposicións transitorias, segundo a data de aprobación definitiva do instrumento de ordenación anulado e a lexislación á que este estea adaptado, circunstancia que se indicará expresamente na ordenación provisional.

Agora ben, de ser un instrumento de desenvolvemento dun ámbito recollido nunha ordenación provisional, por exemplo un plan parcial tramitado con posterioridade ao abeiro da Lei 2/2016, este si deberá estar adaptado ás NNTTPP ao abeiro da Disposición Transitoria 1ª das mesmas.



3. En referencia aos plans aprobados inicialmente para os que a Disposición transitoria primeira das NNTTPP recolle que só lles será de aplicación o disposto no seu título III (Disposicións Comúns), ¿a referencia ao anexo 5 é só para a disposición e formato das firmas dixitais nos documentos, e non para as presentacións indicadas?

Efectivamente, no Título III a referencia ao anexo 5 faise nos artigos 22.4 e 24.2 en relación unicamente ao tamaño e posición do espazo fixado como referencia para a localización preferente da sinatura e dilixenciado electrónico (municipal e autonómico) e a publicidade das subvencións concedidas, mais non para o formato completo de presentación.

4. Un documento que non acadou a aprobación inicial antes da entrada en vigor das NNTTPP pero que xa iniciara a súa tramitación administrativa (solicitud de informes sectoriais e avaliación ambiental) ¿podería adaptarse ás NNTTPP e aprobarse de xeito inicial sen necesidade de sometelo novamente á avaliación ambiental e solicitar de novo os informes sectoriais?

A mera adaptación ás NNTTPP dun instrumento de planeamento urbanístico non implica que se deba reiniciar a avaliación ambiental ou volver a solicitar informes sectoriais, xa que esa simple adaptación non altera o contido de fondo do plan, nin ningunha determinación de ordenación.

5. ¿Como se articula a adaptación ás NNTTPP dunha modificación puntual dun plan xeral non adaptado ás mesmas?

Ao abeiro da disposición transitoria primeira das NNTTPP a unha modificación puntual (MP) dun plan xeral que non acadase a súa aprobación inicial antes da entrada en vigor das normas resultaríanlle de aplicación íntegra as mesmas.

A modificación da disposición transitoria primeira das NNTTPP pola Orde de 8 de abril de modificación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, clarexa que o Título II das normas será de aplicación ás modificacións puntuais, entre outros instrumentos, unicamente no caso de que o instrumento de planeamento ao que se refiran xa estea adaptado a elas.

Nestes casos poderase empregar a cartografía ou planimetría do planeamento de orixe e, sobre esa base, delimitar o ámbito afectado e grafar a ordenación proposta, adaptada no que proceda ás Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia.

6. ¿Quen debe cumprimentar o anexo 7 das NNTTPP sobre planeamento en vigor?

O anexo 7 das NNTTPP debe estar elaborado polo redactor do documento coa información facilitada polo concello, ou polo promotor deste, de ser o caso (artigo 12.3 na súa redacción dada pola Orde de 8 de abril de modificación das NNTTPP).

Esta ficha achegarase como un anexo á memoria xustificativa do documento.



CUESTIÓNS SOBRE PEGADAS DIXITAIS E FIRMAS

7. ¿Existe algún programa específico para xerar a pegada dixital?

A pegada dixital das dúas carpetas comprimidas que se deben presentar (PDF e EDIT) débese xerar co programa Autofirma que é un programa gratuito desenvolvido polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Pode descargarse no seguinte enlace: [enlace Autofirma](#)

8. ¿Onde debe figurar a firma do equipo redactor?

Ao abeiro do artigo 22 das NNTTPP os documentos en PDF estarán asinados dixitalmente polo redactor do plan.

A sinatura electrónica do equipo redactor non ten que ser visible nos documentos PDF, mais será válida e verificable pola administración que reciba o documento en primeiro termo en cada unha das fases do procedemento de tramitación (segundo o regulado na nova redacción do artigo 22.1 outorgada pola Orde de 8 de abril de modificación das NNTTPP).

No caso de que se decida facer a firma visible deberán respectarse os espazos fixados como referencia para a localización preferente da sinatura e dilixenciado electrónico (municipal e autonómico) no anexo 5 das NNTTPP, e para a publicidade das subvencións, no seu caso.

9. ¿Os documentos de planeamento hai que envialos sen visar e asinados polo equipo redactor? ¿Onde está a reserva do espazo para o visado colexial?

Para a tramitación dun instrumento urbanístico non é preciso o visado colexial e particularmente para inscribir no Rexistro de Planeamento tampouco.

Segundo o artigo 19 dos estatutos do COAG (Decreto 105/2016, DOG 12.08.2016): son obxecto de visado os traballos profesionais do arquitecto cando así se solicite a petición expresa dos clientes, incluídas as administracións públicas cando actúen como tales, e aqueles traballos contemplados no Real decreto 1000/2010, de 5 de agosto, de visado colexial obrigatorio.

O artigo 2 do RD 1000/2010 non prescribe o visado obrigatorio para os documentos de planeamento. De xeito que salvo que o cliente o solicite (por exemplo un concello) non sería preciso.

No caso de querer incluír o visado colexial deben respectarse os espazos fixados como referencia para a localización preferente da sinatura e dilixenciado electrónico (municipal e autonómico) que regulan as NNTTPP no seu anexo 5, así como o principio de lexibilidade do artigo 3 das NNTTPP.

Por outra parte, os documentos en PDF deberán vir asinados polo equipo redactor do plan segundo o artigo 22 das NNTTPP, independentemente do visado. Esta firma non ten que ser visible aínda que si debe poder verificarse con programas tipo Autofirma.



CUESTIÓNS SOBRE FORMATO

10. ¿Poden empregarse os formatos A0 e A2?

A nova redacción do anexo 5 das NNTTPP dado pola Orde de 8 de abril de modificación das NNTTPP xa contempla o formato en tamaño A2, ademais dos formatos A1, A3 e A4 recollidos inicialmente.

Por outra banda, as NNTTPP non impiden o uso do formato A0 aínda que a día de hoxe non o regulan.

Aínda así deben facerse as seguintes aclaracións:

- Cando sexa precisa a división en follas da cartografía a escala 1:10 000 e 1:5 000, esta división realizarase en follas tamaño A1 segundo os marcos oficiais para a distribución de follas do sistema xeográfico de referencia (art. 6.2 das NNTTPP).
- No tocante á maquetación e presentación das follas A0: as NNTTPP non conteñen un formato específico, pero debe cumprirse o indicado no artigo 4.4 das NNTTPP que regula que a totalidade dos documentos do instrumento indicarán en todas as súas follas o seguinte:
 - o nome do instrumento,
 - o nome do concello,
 - o equipo redactor,
 - a data de elaboración do documento,
 - a fase de tramitación a que corresponda,
 - os documentos escritos (o que a efectos das NNTTPP son todos aqueles que non son series de planos, art. 4.1) estarán paxinados con numeración correlativa referenciada ao total de páxinas (art. 5.2).
 - A documentación gráfica ademais do anterior incluirá nunha cartela informativa (artigo 4.4):
 - o título do plano,
 - a numeración ou código do plano,
 - a escala gráfica e numérica,
 - incluírase en cada plano da serie un gráfico distribuidor das follas numeradas, cos códigos dos planos, no que se remarque a folia que corresponda ao contido do plano,
 - lenda de simboloxía coa totalidade da simboloxía gráfica empregada (art. 8.3 das NNTTPP).



11. Para a serie de planos de Clasificación do solo a escala 1 : 5 000 ¿podería empregarse o formato A3 no canto do A1 e subdividir cada folla da cartografía oficial en catro follas de menor tamaño?

Segundo o artigo 6.2 das NNTTPP de ser precisa a división en follas da cartografía a escala 1 : 10 000 e 1 : 5 000 esta división realizarase en follas de tamaño A1 segundo os marcos oficiais.

Á vista da regulación anterior, para esas escalas, as follas deberán ser A1 non podendo presentarse en A3.

Cando a división da cartografía en follas sexa precisa pero resulte de empregar unha escala diferente das anteriores, a elección dos marcos que se empreguen para a subdivisión será libre mais seguirá os principios de máxima sinxeleza e lexibilidade enumerados no artigo 3 das normas (artigo 6.2 das NNTTPP segundo a redacción outorgada pola Orde de 8 de abril pola que se modifican as NNTTPP).

12. Os formatos en A4 recollidos no Anexo 5 ¿son para os documentos de texto?

Os formatos en A4 do anexo 5 están previstos para os documentos escritos (memorias, normativa, estratexia de actuación, etc.).

O formato de papel empregado para elaborar a documentación escrita é libre, excepto no caso da normativa urbanística que deberá realizarse en formato A4 vertical, para favorecer o seu proceso de publicación (artigo 5.3 das NNTTPP segundo a redacción outorgada pola Orde de 8 de abril pola que se modifican as NNTTPP).

A documentación considerada gráfica a efectos das NNTTPP son as series de planos, marcadas cun asterisco (*) no anexo 4.

Respecto do formato da documentación escrita:

- No caso de empregar o formato A4 deberán seguirse as especificacións de formato, tamaño e posición definidas no anexo 5 (art. 5.3).
- De non empregar o formato A4 cando menos deberán seguirse as especificacións do artigo 4.4 e do artigo 5 das NNTTPP, no tocante ao contido mínimo das páxinas.

Documentos tipo fichas do catálogo, AMAP, EMR, etc., poden vir en A4 ou en A3, ou noutro formato, pois a escolla é libre.

Cabe lembrar o artigo 10.5 das NNTTPP que prevé que aos efectos de dilixenciar correctamente os plans, cada un dos seus documentos, tanto escritos como gráficos, deberán optar por un formato específico de papel, no relativo ao seu tamaño e orientación, que se manterá invariable para cada arquivo PDF obxecto de sinatura. Excepcionalmente, naqueles documentos en que sexa preciso incorporar páxinas de tamaño e orientación distinta, achegarán esa parte do documento desagregada nun arquivo PDF independente.



13. ¿O catálogo pódese facer en formato libre?

As NNTTPP non prevén un formato concreto para o catálogo.

Non obstante, se deberá ter en conta o visto na resposta da pregunta anterior sobre a obriga de manter o formato de papel elixido en cada documento PDF aos efectos da súa dilixencia posterior, artigo 10.5 das NNTTPP.

Á hora de deseñar as fichas é importante lembrar a previsión do artigo 4.4 das NNTTPP de que a totalidade dos documentos do instrumento de planeamento indiquen en todas as súas follas, cando menos: o nome do instrumento, o nome do concello, o equipo redactor, a data de elaboración do documento e a fase da tramitación a que corresponda.

Tamén deberá conter un índice propio ao comezo de cada documento que garanta a facilidade do seu manexo mediante a sinalización das súas páxinas numeradas ou o acceso ás diferentes partes do documento a través de marcadores que faciliten a navegación, segundo sexa posible en cada caso.(art. 4.3 na súa redacción outorgada pola Orde de 8 de abril pola que se modifican as NNTTPP).

Asemade, todos os documentos escritos (o que a efectos das NNTTPP son todos aqueles que non son series de planos, art. 4.1) estarán paxinados con numeración correlativa referenciada ao total de páxinas (art. 5.2).

Por último cabe lembrar que a nova redacción do artigo 8.1 das NNTTPP, outorgada pola Orde de 8 de abril pola que se modifican as NNTTPP, clarexa que a simboloxía gráfica recollida no anexo 2 das normas é de aplicación para a elaboración da documentación gráfica (entendida como tal, para os efectos das NNTTPP, a identificada cun * no seu anexo 4, art. 13.6 das mesmas), polo que á vista do anterior non resulta preceptiva a súa aplicación nos planos que acompañen ás fichas do catálogo.

CUESTIÓNS SOBRE ESTRUTURA E CODIFICACIÓN DOS INSTRUMENTOS

14. Cando un documento en pdf supera os 30 Mb e hai que dividilo en varios arquivos, ¿como se nomean?

O artigo 10.4 das NNTTPP prevé un tamaño máximo dos arquivos PDF de 30 Mb para permitir o seu dilixenciado posterior.

Identificarase claramente a orde dos arquivos desagregados dentro do conxunto total das partes que conforman o documento completo orixinal e numerarase ou identificarase cada parte a continuación do nome definido nestas NNTTPP para o documento. A numeración ou identificación que se estableza estará separada do nome do arquivo mediante un guión baixo e no caso de empregar numeración seriada do un ao nove, esta estará precedida do número 0 (artigo 10.6 segundo a redacción outorgada pola Orde de 8 de abril pola que se modifican as NNTTPP).

No caso de empregar un código este permitirá identificar claramente a orde dos arquivos desagregados.

Como exemplos prácticos facilítanse os seguintes:



INE_PXOM_AAAAMM_F_AMAP_02F_01

INE_PXOM_AAAAMM_F_AMAP_02F_02

ou

INE_PXOM_AAAAMM_F_AMAP_02F_0101_0206

INE_PXOM_AAAAMM_F_AMAP_02F_0207_0405

(correspondendo os números do final da codificación anterior aos códigos asignados polo instrumento de planeamento aos núcleos rurais, inicial e final, incluídos en cada arquivo PDF)

ou

INE_PXOM_AAAAMM_F_CAT_02F_01ARQ

INE_PXOM_AAAAMM_F_CAT_02F_02ART

(correspondendo as siglas finais da codificación anterior aos elementos arqueolóxicos e arquitectónicos das fichas do catálogo, respectivamente).

15. No tocante a estrutura e codificación dos arquivos do anexo 4 das NNTTPP, ¿pódense engadir novos arquivos á mesma en primeira posición?

O artigo 13 das NNTTPP regula no seu apartado 3 que os documentos incorporados serán codificados libremente polo equipo redactor do documento e deberán engadirse a continuación dos documentos definidos no Regulamento da lei do solo, integrándose de xeito apropiado e sen alterar a estrutura establecida no anexo 4.

Á vista do anterior non se poden engadir novos arquivos ao inicio da estrutura prevista no anexo 4.

16. Cando un arquivo da estrutura do anexo 4 non é necesario pero si o é o seguinte ¿déixase un salto na numeración?

O artigo 13.4 das NNTTPP regula que cando non proceda incorporar algún dos documentos sinalados no Regulamento da Lei do Solo de Galicia, manterase igualmente a carpeta correspondente na estrutura do plan e se incluirá nela un documento no que se deixe constancia do motivo da súa ausencia.

Este documento manterá a codificación establecida no anexo 4 para o documento ausente engadíndolle ao final o código "NP" que indica a súa falta de procedencia.

Respecto da numeración, habería que manter sempre a do anexo 4 xa que o artigo 13.1 das NNTTPP regula que a estrutura e codificación de carpetas e arquivos do anexo 4 é preceptiva.



CUESTIÓNS SOBRE SIMBOLOXÍA E ETIQUETADO

17. ¿Onde se indica nas NNTTPP as características do tipo de liña de contorno, patrón de recheo, cor e grosor da capa referida á Delimitación do instrumento de planeamento INE_TIP_AAAAMM_F_1DEL?

As NNTTPP regulan a obriga de achegar esta capa pero non indican características para a súa representación, sendo esta libre.

Ao abeiro do artigo 8.2 das NNTTPP a simboloxía gráfica non definida no anexo 2 requirida durante a elaboración do documento e que non se especifique nas normas será definida libremente polo equipo redactor garantindo unha representación homoxénea do documento.

Neste caso, as cores, tramas, tipos de liña e simboloxía individualizada gardarán similitude cos definidos nestas normas, máis non darán lugar a interpretacións equívocas dos planos e evitarán a repetición de simboloxía xa establecida.

18. Para un PXOM, en relación co seu solo urbano, as normas técnicas non contemplan aliñacións, fondos edificables ou o tratamento dos medianís. ¿Pódese entender que tanto o modelo de datos como a representación gráfica será definida libremente polo equipo redactor?

As NNTTPP non fixan parámetros de simboloxía nin modelo de datos para as capas de aliñacións, fondos edificables, nin medianís, sendo de definición libre polo equipo redactor (art. 8.2 e 14.5 das NNTTPP).

19. ¿Onde se indican os parámetros de etiquetado para a delimitación das afeccións, ou os parámetros de simboloxía e etiquetado dos tipos de usos?

As NNTTPP definen simboloxía para determinadas afeccións sectoriais, pero non parámetros de etiquetado, o que non obsta para que o equipo redactor etiquete as afeccións da forma que considere conveniente se iso mellora a lexibilidade do plano.

No caso dos tipos de uso as NNTTPP non definen nin simboloxía nin etiquetado no seu anexo 2, polo que no caso de ser precisa sería de definición libre polo equipo redactor (art. 8.2 e 14.5 das NNTTPP).

En todo caso, á simboloxía gráfica de redacción libre (incluído o seu etiquetado como parte desa representación) seralle de aplicación o disposto no artigo 8.3 das NNTTPP que regula que “A *totalidade da simboloxía gráfica empregada quedará recollida e identificada nos diferentes planos da documentación gráfica a través dunha lenda de simboloxía*”.



20. Nas etiquetas para as dotacións (zonas libres e equipamentos) reguladas no anexo 2 das NNTTPP que poden acadar ata 15 ou 16 caracteres, ¿como se resolve a súa saída no formato inalterable? No caso de existir varios elementos xuntos ¿como se resolve o problema da superposición das etiquetas? E na parte referida ao código ¿ten que ser único para cada elemento ou pode repetirse?

O anexo 2, tras a modificación pola Orde de 8 de abril de modificación das NNTTPP, diferencia as etiquetas das dotacións de tipo liña do resto. Así nas de tipo liña o número de caracteres definido no anexo 2 para a etiqueta das dotacións acada na súa liña única un máximo de 13 caracteres aos que hai que engadir os empregados libremente para a codificación dos elementos.

Nas dotacións de tipo polígono ou punto o número de caracteres definido para a etiqueta na súa primeira liña (a máis longa) acada un máximo de 10 caracteres aos que hai que engadir os empregados libremente para a codificación dos elementos.

Considérase apropiado que a codificación (campo "cod") responda a unha serie numérica dado que a información relativa á dotación xa se inclúe nos outros campos da etiqueta (por exemplo: primeira liña "SX-EL-XAR-015" / segunda liña "Ex")

No tocante ao problema da superposición cando hai elementos etiquetados moi xuntos, normalmente os programas SIX teñen opcións de etiquetado sobre: posición, resolución de conflitos, densidade de etiquetas (onde se pode indicar unha distancia mínima entre as mesmas), etc. Habería que traballar coas características do programa SIX empregado para atopar unha solución que permita manter unha codificación axeitada das dotacións.

Por último, segundo o recollido no anexo 3 das NNTTPP o campo "cod" é específico de cada elemento dotacional, e é o que serve para identificalo sen confusión, polo que non se pode repetir.

21. No tocante ás etiquetas reguladas no anexo 2 das NNTTPP ¿os separadores entre campos teñen que ser guións ou poderían substituírse por puntos?

Os separadores están definidos no anexo 2 polo que ao abeiro do artigo 14.6 das NNTTPP serán os aplicables.

22. Para os estudos de detalle ¿as NNTTPP regulan algunha simboloxía específica?

Para un estudo de detalle as NNTTPP non conteñen ningunha simboloxía específica máis aló da regulada en xeral para os instrumentos de planeamento.

O que podería suceder é que no ámbito de estudo existan afeccións para as que as NNTTPP teñan definida simboloxía, ou a existencia dalgunha dotación.

Lémbrese aquí que a nova redacción do artigo 14,1 das NNTTPP outorgada pola Orde de 8 de abril pola que se modifican as NNTTPP, exceptúa aos estudos de detalle da obriga de ser elaborados en formato compatible con SIX, se ben a súa documentación gráfica, con independencia do seu formato de



elaboración, deberá estar definida en todo caso no sistema de referencia ETRS89 (European Terrestrial Reference System 1989), fuso 29N.

CUESTIÓNS SOBRE A DOCUMENTACIÓN EDITABLE

23. A documentación gráfica en formato editable ¿é posible elaborala e achegala en formato .dxf xeorreferenciado en sistema de referencia ETRS89, fuso 29?

A resposta a esta pregunta depende do réxime transitorio e da entrada en vigor das NNTTPP:

- No caso dun planeamento que acadara a aprobación inicial antes da entrada en vigor das NNTTPP: debe atenderse ao indicado na súa Disposición Transitoria 2ª relativo á entrega de datos xeográficos en soporte vectorial xeorreferenciado. Neste sentido o formato .dxf xeorreferenciado no sistema de referencia ETRS89, fuso 29, cumpre o indicado.
- No caso dun planeamento que NON acadara a aprobación inicial antes da entrada en vigor das NNTTPP: no tocante á documentación gráfica, aplicarase o regulado no artigo 14 das mesmas, que indica que a documentación gráfica do plan se realizará en formato compatible cos sistemas de información xeográfica (SIX) e estará definida no sistema de referencia ETRS89 (European Terrestrial Reference System 1989), fuso 29.

Asemade a documentación gráfica deberá cumprir co modelo de datos indicado no mesmo artigo, e presentar tanto as fontes de datos (as capas dos distintos elementos que compoñen a información gráfica), como os distintos mapas de composición de proxecto das series de planos que conteña o documento, perfectamente configuradas para a súa impresión, tal e como se amose nos PDF asinados do documento.

Á vista do anterior, neste caso non se podería achegar a documentación gráfica en formato .dxf xeorreferenciado por non tratarse dun formato compatible con SIX pois por exemplo a documentación non contaría coas táboas de atributos preceptivas definidas nas NNTTPP.

Todo isto, sen prexuízo de que a nova redacción do artigo 14.1 das NNTTPP outorgada pola Orde de 8 de abril pola que se modifican as NNTTPP, exceptúa aos estudos de detalle da obriga de ser elaborados en formato compatible con SIX, se ben a súa documentación gráfica, con independencia do seu formato de elaboración, deberá estar definida en todo caso no sistema de referencia ETRS89 (European Terrestrial Reference System 1989), fuso 29N.